



CONVENIO CANALIZADOR DAS SUBVENCIÓNS OUTORGADAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E POLO CONCELLO DE LUGO Á ENTIDADE UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “LUGO CULTURAL” NA ANUALIDADE 2025

En Lugo, ... de ... de 2025

INTERVEÑEN

Dunha parte, don **José Tomé Roca**, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P27000001 e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e, no seu nome, dona **Iria Castro Fernández**, deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística en virtude de resolución de data 14 de xullo de 2023.

Doutra parte, dona **Tareixa Antía Ferreiro Tallón**, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, que actúa segundo as atribucións que lle confire o decreto da Alcaldía número 10280/2025 do 04/11/2025 nas súas actuais redaccións e a Lei 27/2013, reguladora de bases de réxime local no seu artigo 124.4º, en representación do Excmo. Concello de Lugo, con sede social na Praza Maior número 1 de Lugo.

E, doutra parte, don **Antonio López Díaz**, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela segundo nomeamento efectuado polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG do 22 de marzo), actúa en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela, en adiante beneficiario, con CIF Q1518001A e con sede social no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, CP 15782 de Santiago de Compostela, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto, en virtude dos poderes outorgados polo artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Actúa don **José Antonio Mourelle Cillero**, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

As tres partes:

MANIFESTAN

Primeiro: Que no orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2025 e no vixente Plan Estratéxico de Subvencións (dentro da Liña 14.1a) da Área funcional de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, e do obxectivo específico 17) Promover á poboación no acceso á cultura e ao ensino) recóllese unha subvención nominativa a favor do beneficiario Universidade de Santiago de Compostela (USC), por

	IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Fecha y Hora	02/12/2025 15:14:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE		Página 1/15	

importe de 20.000,00 €, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Lugo Cultural”.

Así mesmo, por parte do Excmo. Concello de Lugo, recóllese unha subvención no Orzamento Xeral vixente de 2025 e no Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025 (aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local 9/199 de data 19/04/2023) actualizado para a anualidade 2025 por acordo da Xunta de Goberno Local núm 10/190 de data 28/05/2025 por importe de 20.000,00 € para dita finalidade.

Segundo: Que por resolución presidencial da Deputación Provincial de Lugo, de data ... de ... de 2025, e por resolución do Concello de Lugo de datade..... de 2025, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa nominativa outorgada pola Deputación de Lugo, por importe de 20.000,00 €, así como a subvención outorgada polo Concello de Lugo, por importe de 20.000,00 €, a favor do beneficiario, Universidade de Santiago de Compostela (USC) co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Lugo Cultural”, na anualidade do 2025.

Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 3340.48900 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 20.000,00 € e, así mesmo, na aplicación orzamentaria 33000.48900 do vixente Orzamento municipal por importe de 20.000,00 €, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio.

Cuarto: O beneficiario achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, así como no artigo 9 da Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo.

Quinto: A Deputación Provincial e o Concello de Lugo, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro dos artigos 36 e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, as partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio é financiar os gastos derivados da execución da actuación “Lugo Cultural”, na anualidade 2025.

Esta actuación consiste na colaboración das tres entidades asinantes na promoción e organización na cidade de Lugo das actividades de índole musical, teatral, danza, fotografía, cine e letras que figuran no Anexo, cuxa programación e execución terá lugar a través do programa denominado Lugo Cultural.

A Deputación de Lugo e o Concello de Lugo contribuírán, cada unha delas, cunha achega de 20.000,00 euros, que entregarán á USC para esta finalidade. A USC organizará as actividades nas que se desenvolva o programa Lugo Cultural, para o que dispón dunha dotación orzamentaria de 20.000,00 euros que destinará á citada actividade.

Durante o período de vixencia do presente convenio, a USC comprométese a facilitar ás outras partes un número de publicacións, e no seu caso, de entradas e invitacións para as actividades obxecto do convenio, que será determinado pola comisión de seguimento.

	IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Fecha y Hora	02/12/2025 15:14:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Página	2/15	

Calquera manifestación pública derivada das actividades deste convenio realizarase coa presenza e protagonismo conxunto das partes.

Na publicidade que se encargue para anunciar os actos organizados figurarán os logotipos institucionais das partes, así como a lenda da súa colaboración.

A USC comprométese a xestionar e a difundir as actividades que organice e realice en cumprimento do presente convenio informando, en todos os casos, ás outras partes asinantes das accións que se leven a cabo neste ámbito e cumprindo as obrigas establecidas na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Lugo.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 60.000,00 €.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial e o Concello de Lugo.

Non se poderá esixir a estes organismos responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación e do Concello de Lugo:

- Deberán subvencionar a actuación cunha cantidade de 20.000,00 € cada unha delas, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, en canto á Deputación o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria, e en canto co Concello de Lugo o 10 %.
- O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.
- En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, reducirase proporcionalmente as achegas económicas da Deputación provincial e do Concello de Lugo.
- A ser convidadas a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Do Beneficiario:

- Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización.
- Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.
- Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que delegue, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial e polo Concello de Lugo.
 - Autorizar á Deputación Provincial de Lugo e ao Concello de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitado, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.

	IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Fecha y Hora	02/12/2025 15:14:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Página	3/15	

- Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución da actuación subvencionada e os gastos derivados da mesma, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.
- Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada.
- Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.
- Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal do beneficiario, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, así como da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Lugo.

O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo sexa autorizado previamente pola Deputación de Lugo e polo Concello de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

O beneficiario será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

O beneficiario da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

- 1) Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.
- 2) Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- 3) Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
- 4) Que estean vinculadas co beneficiario.
- 5) Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e

	IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Fecha y Hora	02/12/2025 15:14:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Página	4/15	

que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

- a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo e do Concello de Lugo.
- b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada.

A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión nesta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Lugo e nas bases do orzamento xeral vixentes nestas entidades.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do beneficiario.

O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e polo Concello de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente da Deputación Provincial de Lugo; así como no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Lugo e nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Lugo vixentes.

En canto á Deputación de Lugo, o prazo inicialmente previsto para que o beneficiario remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2026.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo (tomando como referencia a data dos efectos económicos establecida na cláusula décimo cuarta).

En canto ao Concello de Lugo, establécese como data límite para a xustificación da totalidade da subvención concedida polo Concello (20.000,00€) o 31 de xaneiro de 2026, polo que con anterioridade a esa data deberá presentarse ante esta entidade a acreditación da realización

	IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Fecha y Hora	02/12/2025 15:14:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Página	5/15	

de gastos polo mencionado importe mediante facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento de Control Interno no Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D. 1619/2012, do 30 de novembro e a certificación de que os mesmos quedan asociados a esa xustificación.

No caso do concello de Lugo, dacordo co previsto no art 17.3 k) e art 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, que se tramitará no momento da sinatura do convenio por ambas partes sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que conclúa o periodo de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación e co Concello a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación e do Concello-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2025.

	IV7Q4ID5BX6TTLSO2MOAIFTSOE		Fecha y Hora	02/12/2025 15:14:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4ID5BX6TTLSO2MOAIFTSOE		Página	6/15	

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.

En canto á Deputación Provincial, a xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada (os ANEXOS están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electronicamente):

- ANEXO I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.
- ANEXO CERTIFICACIÓN XENÉRICA expedida polo órgano competente.

- Certificar a relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, a descrición do gasto, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación e o cadro de financiamento.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

- Certificar as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e orixe.

- Certificar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

- Certificar que a relación dos gastos da actividade subvencionada atópase executada e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

- Certificar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

- Certificar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

- Bases e acta / certificación de celebración e do resultado / acordo, no caso dos premios que constan na memoria
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

Nos supostos de subcontratación con entidades vinculadas a acreditación dos custes realizarase nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

	IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Fecha y Hora	02/12/2025 15:14:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Página	7/15	

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do ANEXO 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

En canto ao Concello de Lugo, será necesario achegar :

- a) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos (imprescindible relación de gastos e ingresos), así como relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada, con identificación do acredor, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento. Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada. No caso de que se xustifique a través das facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención, ademais de documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola Entidade.
- b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade co Regulamento de Control Interno do Sector Público do Excmo. Concello de Lugo e R.D 1619/2012, do 30 de novembro.

As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados e servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

- a) Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
- b) Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.
- c) Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termino “recibín en efectivo”, o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro. Admitíranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.
- d) Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma.
- e) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de Liquidación de Cotizacións TC1 co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación.

No caso de pagamento de facturas de máis de 1.000,00 euros unicamente se aceptará o pagamento realizado a través do método sinalado no apartado a) anterior.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que

	IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Fecha y Hora	02/12/2025 15:14:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Página	8/15	

xustificadamente se acredite a súa innecesiedade coma nos casos de contías satisfeitas para indemnizar dos gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado.

c) O cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social acreditarase mediante a presentación das correspondentes certificacións. A presentación de declaración responsable substituirá á presentación das correspondentes certificacións no caso de que a contía para outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

d) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da **mesma** finalidade da actividade que se subvenciona, **copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación)** que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a aportación de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

e) Declaración responsable, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.
- Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.
- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:
 - Non foron nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
 - Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
 - Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.
- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

f) So se admitirán documentos en formato jpg aqueles que a Entidade considere convenientes para completar a documentación, como carteis ou similares.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuado mediante transferencia bancaria no número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar ou a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 36 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo e no artigo 37.1c da LXS, así como no artigo 31.6 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Lugo.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impiden.

	IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE		Fecha y Hora	02/12/2025 15:14:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE		Página	9/15	

- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- g) Incumprimento das obrigas imposta pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento polos beneficiarios se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexeráse polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

	IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE		Fecha y Hora	02/12/2025 15:14:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE		Página	10/15	

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRCIÓN
SECTOR ECONÓMICO	R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento
FINALIDADE	11	Cultura
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, non se prevea modificación algunha desta situación
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega dineraria sen contraprestación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>. Igualmente, pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Lugo na web desta entidade local.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, o beneficiario poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Lugo.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

	IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Fecha y Hora	02/12/2025 15:14:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Página	11/15	

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada LRXS.

A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.

Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio.

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2025, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenio.

O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Décimo sexta.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e na do Concello de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación e no do Concello de Lugo, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial e nas do Concello de Lugo, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e no do Concello de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

Décimo sétima.- Plan de auditoría.

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial e Xeral Municipal, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

	IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE		Fecha y Hora	02/12/2025 15:14:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE		Página	12/15	

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial e Xeral Municipal pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.

As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décimo novena.- Comisión de seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio establecerase unha comisión, integrada por representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio.

Esta comisión estará formada, por parte da USC, pola Vicerreitora de Estudantes e Cultura, dona Pilar Murias Fernández; por parte da Deputación Provincial de Lugo, por dona Iria Castro Fernández, deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística; e, por parte do Concello de Lugo, por dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Correspóndelle a esta Comisión de Seguimento:

1. Proporlles ás entidades outorgantes a aprobación das actividades concretas obxecto da colaboración pactada no presente convenio e, no caso de que sexan aprobadas, facer o oportuno seguimento delas para conseguir o seu axeitado cumprimento; e, así mesmo, determinar o número de publicacións, e no seu caso, de entradas e invitacións das actividades obxecto do convenio que a USC se compromete a facilitar ás outras partes.

No caso de que sobreveña calquera modificación allea á vontade das entidades outorgantes que afecte a algunha actividade xa aprobada, a comisión informará e fará a correspondente proposta ás devanditas entidades outorgantes, ás cales corresponderá a aprobación ou non aprobación da modificación.

2. Aprobar, ao remate do exercicio, a memoria de actividades que será presentada pola USC ás outras dúas entidades, na que se resuma a actividade levada a cabo, acompañada da documentación xustificativa (material divulgativo editado, resumo de prensa, documentación

	IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Fecha y Hora	02/12/2025 15:14:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Página	13/15	

gráfica, número de asistentes), así como a memoria económica que a USC presentará ás outras entidades acompañada da documentación xustificativa (certificación de gastos executados efectivamente, vinculados directamente ao financiamento do programa de actividades que se desenvolva).

Calquera tema derivado da organización dos actos e do desenvolvemento do contido deste convenio resolverase conxuntamente entre as tres partes que o subscriben.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 15 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 14-07-2023
A DEPUTADA DELEGADA DE CULTURA,

A Tenenta de Alcalde e titular da Área de
Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do
Concello de Lugo

Asdo.: Iria Castro Fernández

Asdo.: Tareixa Antía Ferreiro Tallón

O REITOR,

Asdo.: Antonio López Díaz

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: José Antonio Mourelle Cillero

	IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Fecha y Hora	02/12/2025 15:14:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Página	14/15	

ANEXO 1

AXENDA DE ACTIVIDADES DE LUGO CULTURAL 2025

1. Músicas a carón da Mosqueira 2025
2. Lubicán
3. Curso de primavera
4. Sons creativos
5. Fin de curta
6. Certame de vídeocreación
7. Maratón Fotográfico do Campus
8. Montaxe Aula de teatro USC - Lugo
9. Festival de Teatro Universitario
10. Encontro de Danza
11. Encontros de lúa chea
12. Microaberto
13. Espazo fotográfico
14. Certame de paisaxe sonora

	IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Fecha y Hora	02/12/2025 15:14:34	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4ID5BX6TTL5O2MOAIFTSOE	Página	15/15	